



Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)

T. 981 817 202 / 669 051 747

asociacionamipa@gmail.com

asociacionamipa.gal

MEMORIA 2018



Continuamos percorrendo o camiño cara a **INCLUSIÓN SOCIAL**

ÍNDICE

• DATOS IDENTIFICATIVOS	pág. 3
• INTRODUCCIÓN	pág. 4
• CONTEXTUALIZACIÓN.....	pág. 4
• LIÑAS DE ACTUACIÓN 2018.....	pág. 5
• PROGRAMAS E SERVICIOS 2018.....	pág. 8
• RECURSOS HUMANOS	pág. 13
• HORARIOS.....	pág. 15
• PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2019.....	pág. 16
• SUBVENCIONS E AXUDAS.....	pág. 18
• AMIPA EN IMAXES.....	pág. 20

DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfonos: 981.817.202 – 669.051.747
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: asociacionamipa@gmail.com
- Páxina web: www.asociacionamipa.gal

INTRODUCCIÓN

No presente documento recolleemos unha análise descritiva do percorrido realizado pola Asociación AMIPA ao longo do ano 2018.

Na elaboración deste documento participaron directa e indirectamente as persoas con discapacidade intelectual (PcDI), as familias, as persoas voluntarias, o equipo de profesionais e os membros da nosa comunidade de referencia.

CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Dodro, Padrón e Rois e os Concellos de Brión e de Teo.

AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que é o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual na devandita comarca. O Centro Ocupacional conta con 24 prazas autorizadas, 20 delas públicas, para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades de ingreso comprendidas entre os 18 e 59 anos.

O Centro Ocupacional é un recurso para a atención ás PcDI e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

No ano 2018, AMIPA prestou servizos a un grupo de 23 persoas con discapacidade intelectual, 12 mulleres e 11 homes, de idades comprendidas entre os 30 e os 64 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia. Ademais, prestou servizos individualizados e concretos a 2 persoas socias con discapacidade intelectual.

AMIPA segue apostando pola individualización dos apoios a todas as persoas con discapacidade intelectual, na procura da súa máxima autonomía e benestar. Asemade, o avellentamento das persoas con discapacidade en centros ocupacionais, plantexa moitos retos, especialmente en contornas rurais, o cal esixe maior intensidade na prestación de apoios e maior número de profesionais.

Todas as persoas con discapacidade contan co seu Plan Individual de Atención (PIA), para desenvolver os seus proxectos persoais, acompañados por un/unha profesional de referencia, mantendo reunións de seguimento cando as persoas con discapacidade

intelectual o demanden ou se considere necesario por parte da profesional de referencia.

No desenvolvemento dos programas e servizos do centro ocupacional, así como no PIA de cada persoa con discapacidade, percíbese que a idade das PcDI agrava as situacións de dependencia, o que vén determinando maiores necesidades de atención e apoio, ademais da necesidade de recursos diferentes.

Un ano máis, por mor da realidade socioeconómica, vivíronse importantes incertezas na estabilidade das fontes de financiamento. En relación ao financiamento privado, son cada vez menos as axudas ás que AMIPA pode optar, debido a que se priorizan proxectos con un grande número de persoas beneficiarias, tanto directas como indirectas. Por outro lado, o ano 2018 tamén estivo caracterizado polos axustes económicos. A este respecto é importante matizar que, en todos e cada un dos procesos de toma de decisións, AMIPA situou, por riba de todo, a atención de máxima calidade para as persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

Para o ano 2018 AMIPA deseñou un plan de actividades nas que participaron activamente persoas con discapacidade, familiares e profesionais. As actividades desenvolvéronse na comunidade, a través de diferentes liñas de actuación a prol da inclusión social das persoas con discapacidade.

LIÑAS DE ACTUACIÓN 2018

O Plan Anual 2018 pon o foco na promoción da participación de cada persoa con discapacidade intelectual no Centro Ocupacional de Sorribas e na comunidade, cos acompañamentos profesionais individualizados precisos.

Son 3 os ámbitos fundamentais de actuación:

- O apoio ás persoas con discapacidade intelectual
- O apoio aos membros das unidades de convivencia
- A participación na comunidade

As liñas de actuación na comunidade, do ano 2018, estiveron dirixidas a favorecer e fomentar as relacións con outras persoas e entidades da comunidade, dando a coñecer os dereitos das persoas con discapacidade, a accesibilidade cognitiva, lectura compartida, xornadas de convivencia coa veciñanza...

Son moitas e interesantes as oportunidades que seguen xurdindo neste eido, unhas relacionadas con actividades sociais, culturais e deportivas compartidas coas persoas do noso contorno, outras relacionadas coa creación de redes de colaboración con distintas entidades e organizacións.

Foi tamén importante o esforzo por seguir personalizando e humanizando o Centro Ocupacional, á vez que continuamos coas adaptacións e o desenvolvemento de diversos apoios como estratexia metodolóxica nas actividades, promovendo a accesibilidade cognitiva dos diferentes espazos.

Un fito importante neste ano foi o da contratación dun servizo de consultaría de Plena Inclusión España, a través dun Plan de Acción 2018-2019 que ten por obxectivos: dispor do modelo organizativo de AMIPA, redefinindo misión, visión e valores e deseñar un novo proceso de planificación persoal en coherencia co novo modelo organizativo que asegure o protagonismo das persoas con discapacidade no desenvolvemento dos seus plans persoais.

Con referencia aos APOIOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- AMIPA continúa a artellar xeitos de recoller as demandas e propostas de cada persoa con discapacidade intelectual e da súa familia co obxectivo de acompañala no seu proceso de desenvolvemento persoal, familiar e social.
- Cada día celebramos pequenas reunións a primeira hora da mañá, adaptadas cognitivamente para todas as persoas, para orientar e informar sobre as peculiaridades do día que comeza, deste xeito establécense rutinas e tamén vías de participación para as persoas con discapacidade.
- Semanalmente o equipo multidisciplinar réunese para compartir información, planificar actividades e tomar decisión arredor dos PIAs a desenvolver ao longo da semana.
- Celebramos asembleas de persoas con discapacidade intelectual, cunha periodicidade mensual, para favorecer a participación de todas as persoas con discapacidade intelectual.
- Deseñamos e adaptamos programas ás necesidades e preferencias de cada persoa con discapacidade intelectual.
- As persoas asumen e comparten responsabilidades dentro do centro ocupacional.

- O nivel de participación e implicación das persoas con discapacidade en todas as actividades e programas propostos dende AMIPA continúa a ser moi elevada ao longo de todo o ano.

En relación ao APOIO AOS MEMBROS DAS UNIDADES DE CONVIVENCIA:

- O equipo de profesionais mantivo comunicación fluída co 100% das familias.
- O 100% dos membros das unidades de convivencia acudiron ao centro cando foron convocados a unha reunión para tratar temas relativos á persoa con discapacidade coa que conviven, de cara a deseñar un sistema de apoios acorde co que a persoa con discapacidade demanda.
- O 50% das familias participaron na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no mes de xuño de 2018.
- Ofrecemos tamén alternativas de ocio para as persoas con discapacidade de Amipa como opcións de respiro familiar.

En canto á PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE:

- Mantemos boa comunicación e coordinación coas e cos profesionais dos Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Brión e Teo e con outros departamentos cos que desenvolvemos distintos programas e actividades.
- Participamos en 3 Comisións en Fademga- Plena Inclusión Galicia: Xerentes, Calidade e Transporte.
- Ao longo de 2018, consolidamos a Área de Comunicación de AMIPA.
- Colaboramos con outras organizacións que traballan para as persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas: Plena Inclusión España, Fademga Plena Inclusión Galicia, Special Olympics Galicia, Liga Provincial de Entidades da Coruña e a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG).
- Estivemos presentes nos medios de comunicación, especialmente, na Voz de Galicia e no Correo Gallego.

PROGRAMAS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS AO LONGO DO ANO 2018

Ao longo do ano 2018 AMIPA desenvolveu unha rede de servizos, programas e actividades que tiveron ás persoas con discapacidade intelectual como protagonistas. Nas distintas áreas formuláronse diferentes accións a desenvolver coas propias persoas con discapacidade intelectual, a nivel interno dentro da organización, cos membros das súas familias ou en relación coa contorna.

E así, o centro ocupacional organizouse arredor de distintas áreas:

1. Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual. Fai referencia a:

- 1) Xestión administrativa e coordinación técnica
- 2) Montaxe de accesorios e complementos de aluminio coa empresa STAC S.L.
- 3) Confección de patróns para unha das máquinas da cadea de produción, coa empresa Nestlé S.A. de Pontecesures.
- 4) Agricultura ecolóxica (na horta da Reitoral de Sorribas)
- 5) Obradoiro de artesanía personalizada e papel reciclado

2. Formación para a vida das persoas con discapacidade intelectual. Nesta área inclúense os programas individualizados:

- Asembleas das persoas con discapacidade
- Autoxestores/as e Peludas/os
- Psicomotricidade
- Identidade persoal
- Piscina
- Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois)
- Compras persoais
- Cociña e limpeza de espazos do centro
- Novas tecnoloxías
- Atención ao público
- Manexo do diñeiro
- Mulleres na historia
- Sesión de biodanza para mulleres
- Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
- Quedadas: actividades de lecer en fin de semana

- Actividades de ocio especiais polo Entroido en Padrón e a celebración do Día de Rosalía
- Días convivencia e descanso: vacacións en grupos pequenos
- Celebración de días internacionais, como o día internacional da muller e o Día internacional contra a violencia de xénero, realizando diferentes dinámicas de sensibilización
- Celebración de festividades como o Entroido, o Samaín ...
- As persoas con discapacidade organizaron xunto coas e cos profesionais, unha comida fóra do centro ocupacional para celebrar o Nadal

3. Outras actividades na comunidade

- Convivencia coas persoas autoxestoras do Centro Pai Menni (Betanzos, A Coruña)
- Participación no 18º Encontro de persoas autoxestoras, no Carballiño (Ourense)
- Visita de profesionais da Asociación San Xerome (A Guardia)
- Visita á Fundación Aprocor, en Madrid, para o coñecemento de experiencias de modelos de atención centrados na persoa.
- Visita das persoas do curso de monitoras/es de ocio e tempo libre da ETL Arenaria
- Convivencia e comida na celebración do 25 aniversario da Liga Provincial de Entidades da Coruña.
- Participación no Festival de Artes Escénicas, organizado por Special Olympics, na obra de teatro “Un mal día”, a cargo da Asociación Prodeme (Monforte)
- Xornada de Xogos de mesa en Carballo, organizados por Aspaber.
- AMIPA participou en xornadas deportivas e de ocio organizadas pola Liga Norte (A Coruña) e na liga de fútbol sala organizada a nivel autonómico por Special Olympics Galicia.
- Participamos no día da bicicleta que organiza o Concello de Padrón.
- Participamos xunto coa Asociación Aspaber na VI Noite Efervescente, xornada de astronomía aberta ao público en xeral, celebrada en Guitiriz e organizada polo programa Efervescencia da Radio Galega.
- Participamos nas actividades organizadas pola Casa Rosalía e o Concello de Padrón para conmemorar o Día de Rosalía de Castro.
- Celebramos coas persoas maiores do Centro de día de Urdilde (Rois), o seu 8º aniversario.

- Coñecemos o refuxio de Bando (Santiago de Compostela) e colaboramos en paseos diarios cos animais do refuxio.
- Compartimos un xantar de Entroido coas persoas veciñas da ximnasia de mantemento do Concello de Rois
- Participamos no xantar popular de San Isidro Labrador, patrono do Concello de Rois
- Unha muller con discapacidade intelectual de AMIPA, participa como ponente na campaña divulgativa da Deputación da Coruña, de sensibilización e visibilización do deporte feminino, “Conquista os elementos”
- Persoas voluntarias colaboran en diferentes actividades e proxectos da nosa entidade. AMIPA acolle a persoas voluntarias de Obra Social Caixabank na semana Social do Voluntariado "Social Week", en abril e outubro

4. Liñas de actuación na comunidade.

Foron as persoas con discapacidade intelectual, co apoio dun/dunha profesional, as que dinamizan as **accións na comunidade**.

Prestamos apoios ás persoas con discapacidade intelectual para que sexan as verdadeiras protagonistas e dinamizadoras das actividades vinculadas ás liñas de actuación 2018.

As accións desenvolvidas foron as seguintes:

a) Accesibilidade cognitiva:

- Continuamos dando a coñecer a accesibilidade cognitiva como vía de inclusión social para as persoas con discapacidade intelectual no seu contorno, realizando a colocación de pictogramas nos centros de saúde de Dodro, Padrón e Rois en colaboración co SERGAS.
- Adaptación con pictogramas dun establecemento hostaleiro de Padrón: asesoramento e testeo.
- Persoas con discapacidade intelectual realizan o testeo dunha carta dun establecemento hostaleiro de Padrón.

b) Lectura compartida e Libros viaxeiros:

Ao longo do ano 2018, levamos a cabo diferentes xuntanzas de lectura compartida coas persoas do Club de Lectura, en colaboración coa Biblioteca e Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón.

Despois da boa acollida destas actividades a Oficina de Voluntariado do Concello de Padrón e a Asociación AMIPA, acercan a lectura fácil a toda a veciñanza, a través do Proxecto "Libros Viaxeiros". O proxecto concrétase en sesións para comentar as obras de lectura fácil en diversos establecementos hostaleiros do Concello de Padrón, que acollen un número de exemplares de obras literarias, que cada persoa pode coller libremente sen servizo de préstamo controlado. Este proxecto é un paso cara a inclusión social utilizando a lectura fácil como unha ferramenta moi valiosa.

c) Sensibilización en dereitos das persoas con discapacidade intelectual:

Dinámica "Un paso, un dereito", con alumnado de secundaria dos centros educativos de (I.E.S. Camilo José Cela e I.E.S. Macías O Namorado, I.E.S. Eusebio Baleirón e I.E.S. Pontecesures)

d) Obradoiros artesanais en centros educativos, impartidos por persoas con discapacidade intelectual:

Realización de obradoiros de xabóns artesanais, con alumnado de 2º ESO, na Semana da Solidariedade, no Instituto IES Félix Muriel (Rianxo) e con alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria no CEIP Pumar –Urdilde (Rois).

e) Comercialización de produtos do centro ocupacional:

- Posto de venda de produtos artesanais, na Semana da Solidariedade, no Instituto IES Félix Muriel (Rianxo) e participación na xornada de convivencia con outras entidades.
- Participación na Feira do patrón local San Isidro Labrador (Rois) cun posto de venda de produtos artesanais.
- Venda de produtos de artesanía relacionados co Camiño de Santiago, na Panadería San José en Padrón

- Comercializamos a produción de artesanía directamente no propio Centro Ocupacional e na Casa de Rosalía, en Padrón, a través dunha liña de produtos artesanais deseñados en exclusiva, resaltando a figura de Rosalía de Castro.
- Mostra de produtos artesanais de AMIPA na Exposición Artesanía e Camiño, no Concello de Rois.
- Participación no Mercado Brión Inclúe, coa venda de produtos artesanais.
- Venda de produtos da horta do centro ocupacional, na Praza de Abastos de Vilagarcía, a través dunha produtora local.

f) Convivencia coa veciñanza de Sorribas:

AMIPA segue creando vínculos coas persoas da parroquia e por cuarto ano consecutivo, as persoas con discapacidade e as súas familias, organizaron unha actividade lúdica de convivencia coa veciñanza, arredor da Festa do verán.

g) Vida asociativa:

AMIPEIRA de Honra 2018. Recoñecemento á colaboración da Obra Social CaixaBank, como axente social implicado co proxecto de AMIPA.

5. Participación noutros proxectos:

- “Compartimos Plan”. Participamos en diversas xuntanzas convocada pola Deputación Provincial da Coruña, nos Concellos de Padrón e Dodro.
- Unha profesional de AMIPA imparte un módulo do curso “Son un monitor/a inclusivo/a? Conecta coa diversidade na campaña de verán”, organizado pola Rede de Ocio Inclusivo Galicia (ROIG) e promovido pola Consellería de Política Social: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

6. AMIPA tamén presta os seguintes servizos.

- Servizo de comedor
- Servizo de transporte
- Orientación e apoio ás familias.

RECURSOS HUMANOS

As e os profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2018, son os seguintes:

- Directora-xerente (35 horas semanais)
- Psicopedagoga (10 horas semanais)
- 1 Educadora Social (38,5 horas semanais)
- 1 Educadora Social (5 horas semanais)
- 2 Terapeutas Ocupacionais (38,5 horas semanais)
- 3 Educadoras-monitoras (unha, 38,5 horas semanais, unha 28,5 horas semanais e unha 32,5 horas semanais).
- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (32,5 horas semanais).
- 2 mañás á semana, 1 Educadora Familiar (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos dos Concellos de Padrón e Rois (2 tardes á semana), nos adestramentos deportivos da semana e en acompañamento a actividades deportivas da fin de semana.
- Acollemos unha persoa en prácticas do ciclo formativo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do I.E.S. Félix Muriel (Rianxo)

As **accións de formación** realizadas polas/os profesionais de AMIPA, organizadas polo propio centro e por entidades públicas e privadas especializadas, foron as seguintes:

1. Programa para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións "Virada". II Edición. Algalia e Fundación EDE. Febreiro a xuño de 2018, 64 horas.

2. Conferencia “O coidado das diferenzas nos Servizos Sociais. Unha cuestión de xustiza”. Organiza: Universidade da Coruña, Consorcio As Mariñas e Fundación Paideia. Coruña, 24 de maio de 2018, 2 horas.
3. Taller de Principios sistémicos en organizacións. Impartido por Ander Mimenza, Fundación EDE. Sorribas (Rois), abril de 2018, 3 horas
4. Sensibilización en Igualdade de Oportunidades. 8º edición da Escola Virtual de Igualdade, que organiza o Instituto da Muller e para a igualdade de Oportunidades. On line. Abril - xuño 2018, 30 horas
5. “Enfoque centrado en familias”. Fademga Plena Inclusión. On line. Xuño de 2018, 32 horas.
6. “Enfoque centrado na persoa”. Fademga Plena Inclusión. On line. Do 2 de maio ao 5 de xuño, 32 horas.
7. “O bucle da rumiación”. Impartido pola Escola de Psicodrama de Galicia. 5,6 e 19 de xuño. Padrón, 6 horas.
8. Xornada de transparencia e bo goberno. Fundación Lealtad. Santiago, 11 de xuño, 3 horas.
9. Curso en Plena Forma para dirixentes de entidades de Plena Inclusión. Plena Inclusión Galicia. Modalidade mixta. Setembro a novembro de 2018.
10. Formación en transferencia para as persoas artesás. A Gata Moscovita, setembro 2018, 3 horas.
11. I Xornadas de Bioética de Aspronaga. Coruña, 5 de outubro, 2 horas.
12. Soluciones contagiosas. Foro de experiencias innovadoras para persoas con discapacidade. Madrid, 10 de outubro, 4 horas.
13. “La protección jurídica de las personas con discapacidad”. Colegio Notarial de Galicia e Fundación Aequitas. Vigo, 22 de outubro, 3 horas.
14. Ancianidade e Bioética. Organiza a Consellería de Sanidade, Acis, e Consello de Bioética de Galicia. Santiago, 25 de outubro, 9 horas.
15. III Encontro provincial pola Inclusión. 29 e 30 de outubro, Pontevedra.

16. Formación Compliance, Fademga, Santiago. 13 Novembro, 3 horas.
17. Formación en Protección de datos. Santiago. 20 de novembro.
18. Feira da Transformación de Plena inclusión para o coñecemento, a innovación e o aprendizaxe. 22 e 23 de novembro. Logroño (A Rioxa)
19. Test de roles Belbin para equipos. Algalia Soc. Coop. Novembro a xaneiro de 2018. Sorribas (Rois)

Ao longo deste ano continuouse cun intenso proceso de necesaria profesionalización, a través de participación en accións formativas das persoas do equipo de traballo, facendo especial fincapé na formación en programas para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións.

Outras persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas: 4 mulleres e 2 homes.
- 24 socios/as de número.
- 38 socios/as colaboradores/as.
- Grupo de voluntarios e voluntarias.

HORARIOS

HORARIO XERAL: O horario de atención as PCDI en Sorribas Centro Ocupacional foi de máis de 1.540 horas anuais, adaptando este horario á disposición do servizo. O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional foi de 10:25 horas a 17:30 horas, de luns a venres, podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. O centro ocupacional permanece pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto. Outros períodos vacacionais coincidiron coa primeira semana do ano e coa semana de Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL: Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 10:30h a 14:00h do mediodía, e na sesión de tarde de 15:30 horas a 17:30 horas. Tendo unha hora e media de comedor e tempo libre (14:00h-15:30h).

HORARIO DOS PROGRAMAS: Os programas individuais desenvolvéronse en paralelo á actividade laboral. Cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h.

HORARIO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Os servizos complementarios do Centro Ocupacional desenvolvéronse de luns a sábado, en sesións de mañá e tarde.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA 2019

Coa finalidade de dar continuidade ás liñas de actuación na comunidade, proxecto iniciado no ano 2015, que favorezan a inclusión das persoas con discapacidade e a creación de oportunidades na contorna, establecéronse as liñas prioritarias de actuación e os proxectos a desenvolver no ano 2019.

As liñas de actuación do ano 2019 estarán dirixidas a favorecer e fomentar as relacións significativas con outras persoas e entidades da comunidade. Algunhas das liñas de actuación a desenvolver en 2019 son as seguintes:

- **Liña de sensibilización:**

Continuar dando a coñecer os dereitos das persoas con discapacidade intelectual nos centros educativos de concellos limítrofes, a través da dinámica “Un paso, un dereito”

- **Liña de recoñecemento asociativo:**

Organización da “Amipeira/o de honra 2019”, co obxectivo de recoñecer a colaboración dalgunha persoa ou entidade que colaborou estreitamente coa Asociación AMIPA.

- **Liña de veciñanza:**

Organizar encontros e actividades coas familias e coas persoas próximas: actividade lúdica de convivencia coa veciñanza: “Festa do Verán”.

- Liña de accesibilidade universal:
 - Accesibilidade cognitiva: darémoslle continuidade a realización do teste da carta dun establecemento hostaleiro de Padrón.
 - Lectura fácil: continuaremos co proxecto “Libros Viaxeiros”, en colaboración coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón, como experiencia de traballo a nivel comunitario, a través da lectura fácil, como unha ferramenta cara a inclusión social.
- Liña de comercialización dos produtos elaborados no centro ocupacional:
 - Ampliar a rede de difusión e comercialización da produción de artesanía realizada no Centro Ocupacional e manter a colaboración coa Casa de Rosalía e a Panadería San José (Padrón)
 - Comercializar os produtos ecolóxicos da horta, directamente e a través dunha produtora local.

Ademais das liñas de actuación, será clave a participación das persoas con discapacidade intelectual en actividades da comunidade:

- Celebrar días internacionais como o “Día da Muller” ou festividades locais como a Festa de San Isidro Labrador.
- Colaborar na realización de actividades conxuntas con centros educativos da contorna.
- Participar en actividades deportivas organizadas polos concellos da nosa Comarca.
- Organizar rutas bio-saudables pola contorna, abertas á veciñanza.
- Convivencias e visitas a outras entidades para seguir tecendo redes na contorna, como a participación xunto con entidades galegas de acción social nun proxecto Erasmus Plus+ para coñecer un modelo residencial e de captación de fondos que obtivo un premio europeo.
- Accións formativas para as persoas con discapacidade intelectual como as e os profesionais.

Algunhas propostas formativas para as persoas con discapacidade intelectual será: formación cidadá, prevención de abusos, condutas aditivas, uso e abuso

das novas tecnoloxías, sexualidade e afectividade, hábitos de vida saudables

...

Algúns dos Programas Individualizados propostos para comezar a desenvolver ou manter no primeiro semestre do ano 2019, son os seguintes:

- Asembleas das persoas con discapacidade
- Autoxestores/as e Peludas/os
- Compras persoais
- Identidade persoal
- Limpeza de espazos do centro
- Cociña
- Psicomotricidade
- Estimulación cognitiva
- Novas Tecnoloxías
- Atención ao público
- Manexo do diñeiro
- Piscina
- Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois).
- Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
- Quedadas: actividades de lecer en fin de semana
- Días convivencia e descanso: vacacións en grupos pequenos
- Equipos de traballo para desenvolver as liñas de actuación 2019

9. SUBVENCIONS E AXUDAS PERCIBIDAS POLA ASOCIACIÓN AMIPA AO LONGO DE 2018

Parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do financiamento público (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois). Mais dende a nosa entidade asumimos a necesidade de procurar novas fontes de financiamento, de explorar novos recursos e de iniciar vieiros de autoxestión para crear alternativas aos modelos económicos, como son por exemplo a venda de produtos ecolóxicos e artesanais, a prestación de servizos a empresas da comarca e a busca de novos/as socios/as colaboradores/as (aínda tratándose de modelos de financiamento moito menos estables, e contía inferior

aos públicos que dotan de maior estabilidade, mais posibles e que cómpre desenvolver).

Neste eido cómpre salientar:

- i. O contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de 20 prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 8ª prórroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2018 ao 31 de decembro de 2018) o importe destinado pola Administración ascendeu a 140.521,43€, que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna e, doutra banda, á prestación do servizo de transporte. O importe real total facturado no 2018 foi de 130.963,43€

E as subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos:

- ii. Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Programas de Cooperación 2017-2018, concesión para a contratación durante 9 meses, a xornada completa, de 1 educador/a social e 2 terapeutas ocupacionais. O importe total foi de 51.582,15€ e o imputado ao ano 2017 foi de 382,02€.
- iii. Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Programas de Cooperación 2018-2019, concesión para a contratación durante 9 meses, a xornada completa, de 1 educador/a social e 2 terapeutas ocupacionais. O importe imputado ao ano 2017 foi de 5.889,03€ sendo o importe total de 51.200,13€.
- iv. Corporacións Locais: Deputación da Coruña para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais (11.804,31€) e Concellos de Padrón, (12.000€) e Rois (2.000€) e Dodro (500€), para mantemento de actividades.
- v. Obra Social de la Caixa, a través de oficina: 12.000€ para inversións para equipamentos, mobiliario e adaptacións para mellorar os servizos no Centro Ocupacional de Sorribas.

AMIPA EN IMAXES

FORMACIÓN TALLERES OCUPACIONAIS



FORMACIÓN HORTA



FORMACIÓN TALLER ARTESANÍA



PROGRAMAS INDIVIDUALIZADOS



ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA



OCIO NA COMUNIDADE



VACACIÓNS



PARTICIPACIÓN COA E NA COMUNIDADE





Sorribas, marzo de 2019

www.asociacionamipa.gal